



**Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia**

Modelo MD85PRO02

Programación da disciplina

Nome do centro: EASD Mestre Mateo

Titulación: Ensinanzas Superiores de Deseño. Especialidade de Deseño de Produto.

Materia: Historia das Artes e do Deseño

Disciplina: Historia das Artes e do Deseño

Curso: 1º

Carácter: Formación básica

Tipo: Teórica

Docente: María Pose Méndez

Ano académico: 2023-24



Índice

1	Identificación e contextualización.....	3
2	Organización dos contidos.....	3
3	Avaliación.....	3
3.1	Criterios de avaliación.....	4
3.2	Procedementos.....	4
3.3	Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.....	4
3.4	Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación.....	4
3.5	Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais.....	4
4	Metodoloxía, recursos e actividades complementarias.....	4

1 Identificación e contextualización

Idiomas	Galego, castelán, inglés
Departamento	Departamento de EEAASS de Deseño de Produto
Profesor/a	María Pose Méndez
Correo electrónico	mariapose@edu.xunta.gal
Web	www.easd.es
Créditos ECTS	Distribución horaria dos créditos ECTS: 6
	Horas totais: 150
	Horas de clase semanais: 3
	Horas de clase no curso: 100
	Horas de traballo non presencial: 50
	Horas titorías: 1 hora semanal
Horario	Horario de clase semanal: martes 13:20 a 14:20; mércores 11:20 a 12:20; xoves 12:20 a 13:20
	Horario de titorías: __
Descritores	<ul style="list-style-type: none"> - Historia das artes, da arquitectura e o deseño - Coñecemento, análise e significado histórico do deseño - Deseñadores e tendencias contemporáneos - Métodos de investigación propoos da materia

2 Organización dos contidos

Os contidos da disciplina organízanse a partir dos descritores do **Decreto 172/205** polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia e a guía docente da disciplina elaborada polo Centro. Estes contidos organízanse nas 12 unidades didácticas que se desenvolven ao longo do curso académico.

BT	Bloque temático/contidos	Actividades	Temporalización	Calendario
BT1. ARTE E DESEÑO NA PREHISTORIA E O MUNDO ANTIGO				
1	INTRODUCCIÓN Á HISTORIA DAS ARTES E DO DESEÑO.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Avaliación inicial ▪ Exposición baseada no diálogo ▪ Análise de obras de arte e deseño ▪ Introducción ao comentario de obras 	▪ 3 horas	▪ Semanas 1-2
2	OS INICIOS DA TECNOLOXÍA: AS ARTES E O DESEÑO NA PREHISTORIA.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Exposición baseada no diálogo ▪ Análise de obras de arte e deseño ▪ Introducción ao comentario de obras 	▪ 5 horas	▪ Semanas 3-4
3	ARTE E DESEÑO NO MUNDO ANTIGO (I): MESOPOTAMIA E EXIPTO.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Exposición baseada no diálogo ▪ Análise de obras de arte e deseño 	▪ 6 horas	▪ Semanas 5-6
4	ARTE E DESEÑO NO MUNDO ANTIGO (II): A ARTE CLÁSICA.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Exposición baseada no diálogo ▪ Análise de obras de arte e deseño ▪ Entrega de comentario de obras 	▪ 6 horas	▪ Semanas 7-9

BT2. ARTE E DESEÑO NA IDADE MEDIA				
5	ARTE E DESEÑO NA ALTA IDADE MEDIA: BIZANCIO, O PRERROMÁNICO, O ISLAM.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición baseada no diálogo Análise de obras de arte e deseño Traballos de investigación do alumnado 	6 horas	Semanas 10-11
6	ARTE E DESEÑO NA BAIXA IDADE MEDIA: ROMÁNICO E GÓTICO	<ul style="list-style-type: none"> Exposición baseada no diálogo Análise de obras de arte e deseño Traballos de investigación do alumnado 	6 horas	Semanas 12-14
BT3. ARTE E DESEÑO NA IDADE MODERNA				
7	ARTE E DESEÑO NA IDADE MODERNA: RENACEMENTO, MANIERISMO, BARROCO E ROCOCÓ. O NEOCLÁSICO.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición baseada no diálogo Análise de obras de arte e deseño Traballos de investigación do alumnado 	12 horas	Semanas 15-18
BT4. ARTE E DESEÑO NO MUNDO CONTEMPORÁNEO				
8	A ARTE CONTEMPORANEA (I): A ARTE DO SÉCULO XIX	<ul style="list-style-type: none"> Exposición baseada no diálogo Análise de obras de arte e deseño Traballos de investigación do alumnado 	6 horas	Semanas 19-20
9	A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL E OS INICIOS DO DESEÑO. OS DISCURSOS DO S.XIX	<ul style="list-style-type: none"> Exposición baseada no diálogo Análise de obras de arte e deseño Traballos de investigación do alumnado Entrega de comentario de obra 	12 horas	Semanas 21-24
10	A ARTE CONTEMPORÁNEA (II): AS VANGARDAS HISTÓRICAS.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición baseada no diálogo Análise de obras de arte e deseño Traballos de investigación do alumnado 	6 horas	Semanas 25-26
11	O DESEÑO NA 1ª/ DO SÉCULO XX: A BAUHAUS.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición baseada no diálogo Análise de obras de arte e deseño Traballos de investigación do alumnado 	6 horas	Semanas 27-28
BT5. ARTE E DESEÑO HOXE				
12	AS ARTES E O DESEÑO NA 2ª/2 DO S.XV E A ACTUALIDADE	<ul style="list-style-type: none"> Exposición baseada no diálogo Análise de obras de arte e deseño Traballos de investigación do alumnado 	3 horas	Semana 29

* As sesións correspondentes ás semanas 30 á 32 estarán adicadas ás presentacións de traballos de investigación do alumnado sobre contidos pertencentes ás unidades didácticas 8 a 12.

3 Avaliación

O marco xeral para a avaliación da disciplina recóllese na **Orde de 21 de novembro**, onde se especifican as características xerais da avaliación, as convocatorias, o sistema de cualificación, as reclamacións contra as cualificacións, os premios extraordinarios e os documentos de avaliación. O **Decreto 172/2015** establece como obxectivo fundamental da disciplina o desenvolvemento das competencias transversais, xerais e específicas, cuxa avaliación se levará a cabo no **grao** e o **nivel** de adquisición e consolidación correspondentes determinados polo carácter básico da disciplina.

A avaliación das competencias levarase a cabo establecendo como marco os **criterios de avaliación** recollidos na devandita orde e concretados na guía docente. En relación aos mesmos determinaremos o nivel e o grao de adquisición das competencias a través da formulación de procedementos e instrumentos que nos permitan obter unha información obxectiva e mensurable para transformala en unha nota numérica que será

comunicada ao alumnado. A concreción dos criterios de avaliación aplicados en función das competencias da disciplina dan lugar a unha serie de **indicadores de logro** que constitúen os diferentes niveis determinados nas rúbricas ou matrices de corrección.

A avaliación será **sumativa** e **formativa**. É **sumativa** porque resulta un proceso continuado no que se avaliará o desempeño competencial ao longo do curso, e **formativa** porque tal e como establece o EEES o proceso de avaliación ten carácter didáctico e debe constituir unha oportunidade de aprendizaxe, o que implica que o alumnado recibirá retroalimentación dos resultados obtidos que se acompañan de estratexias de mellora e recondución.

3.1 Criterios de avaliación

O Decreto 172/2015 formula tres niveis de criterios de avaliación que operan na Especialidade de Deseño de Produto:

I. Criterios de avaliación comúns ás titulacións das EEAASS.

II. Criterios de avaliación xerais do Título Superior de Deseño.

III. Criterios de avaliación específicos do título Superior de Deseño na Especialidade de Deseño de Produto.

De estes presentamos os que afectan directamente a esta disciplina:

CA1. Aceptar e respectar as diferentes funcións subordinadas, participativas ou de liderado que se poden dar na redacción dun proxecto de deseño dun produto.

CA2. Comunicar, como deseñadora, a estrutura, funcionalidade, valores estéticos de significación e características do proxecto dun produto, nun contexto artesanal ou industrial determinado.

CA4. Coñecer os procesos e recursos propios do traballo de deseño en equipo multidisciplinar, mostrando capacidade de adaptación e flexibilidade ante as exixencias do traballo e capacidade de integración no grupo.

CA5. Construír unha idea da actividade da deseñadora de produtos coherente e propia, con independencia das relacións de produción concretas.

CA6. Debater e explicar verbalmente as súas formulacións proxectuais a fabricantes, clientes ou usuarias, así como responder ao reto que supón facilitar a comprensión destas a colectivos diversos.

CA8. Interactuar de xeito coherente e eficaz en todo tipo de proxectos de deseño de produtos participativos, con independencia do seu ámbito de formalización, complexidade ou produción.

CA9. Interpretar a propia actividade como deseñadora de produtos como unha oportunidade de posta en marcha de prescricións que contribúan ao desenvolvemento de actividades produtivas economicamente sustentables.

CA11. Actualizar permanentemente información relativa aos cambios sociolóxicos, ás relacións de produción e distribución de produtos e incorporar as súas consecuencias á propia actividade de deseño.

CA24. Incorporar de xeito creativo e razoado os valores creativos máis significativos da historia do deseño á propia actividade.

CA27. Manexar recursos expresivos e comunicativos propios do deseño na formulación de propostas e proxectos.

CA29. Recoñecer valores significativos nos deseños alleos, tanto actuais como históricos, desde unha posición de crítica intelectual.

CA30. Entender a autoformación como un dos recursos máis valiosos para a mellora persoal e profesional ao longo da vida.

3.2 Procedementos

Os procedementos de avaliación para o alumnado que cumpre coa obrigatoriedade da asistencia son os que se expoñen a continuación, e establecen unha relación directa cos criterios de cualificación e os instrumentos de avaliación detallados na táboa do apartado seguinte.

- **PROBAS ESCRITAS:** o alumnado que obteña menos de un 4 na proba escrita non terá dereito a que este procedemento faga media co resto de instrumentos, polo que o módulo estará suspenso. O alumnado que non supere as probas escritas deberá acudir a unha proba de recuperación que terá lugar a final de curso.

- **COMENTARIOS DE OBRAS:** a realización de comentarios de obras é obrigatoria nos momentos do curso que así se considere. A entrega de comentarios de obras é obrigatoria, debendo o alumnado acadar un mínimo de 4 en cada un dos comentarios para a realización da media aritmética. No caso de non entregar os comentarios nas datas sinaladas, estes entregaranse a final de curso e serán avaliados sobre unha nota máxima de 7/10.

- **OUTRAS PROBAS TEÓRICAS:** a realización de outras probas como a elaboración de cuestionarios sobre os contidos presentados teñen tamén carácter teórico e entregaranse polos medios acordados co alumnado. A non realización de estas probas vai en prexuízo da puntuación final, obtendo unha cualificación de 0 no apartado correspondente.

- **GLOSARIO:** contéplase a realización de un glosario de termos artísticos ten tamén carácter teórico e entregaranse polos medios acordados co alumnado. A non realización de esta proba vai en prexuízo da puntuación final, obtendo unha cualificación de 0 no apartado correspondente. Si o glosario se realiza, contará un 10% sobre o total das probas teóricas en detrimento da puntuación outorgada ás probas escritas, contando cada unha 15% e 20% respectivamente.

- **PROBAS PRÁCTICAS:** o alumnado deberá realizar as probas prácticas nas datas sinaladas, no caso de non realizar a exposición oral sen causa xustificada, o exercicio contará como 0 na ponderación dos criterios de cualificación.

- **PARTICIPACIÓN:** durante o desenvolvemento das clases plantexaranse diferentes actividades de carácter individual ou grupal, así como debates nos que se valorarán a participación e o traballo diario do alumnado e serán obxecto de avaliación, estando os seus resultados recollidos no caderno de aula.

3.3 Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
PROBAS TEÓRICAS (65%)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PROBA ESCRITA PARCIAL I (20%) ▪ PROBA ESCRITA PARCIAL II (25%) ▪ [Glosario (10%)] ▪ COMENTARIO DE OBRAS (10%) ▪ OUTRAS ACTIVIDADES TEÓRICAS (10%) 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ RESULTADO DA PROBA ESCRITA (20%) ▪ RESULTADO DA PROBA ESCRITA (25%) ▪ RUBRICA (10%) ▪ RESULTADOS MOODLE (10%)
PROBAS PRÁCTICAS (20%)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PRESENTACIÓN DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN (I) (10%) ▪ PRESENTACIÓN DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN (II) (10%) 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ RÚBRICA (20%)
PARTICIPACIÓN (15%)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SEGUIMIENTO TRABAJO NA AULA (5%) ▪ PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS (5%) ▪ INTERCAMBIOS ORAIS (5%) 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ OBSERVACIÓN DIRECTA (5%) ▪ REXISTRO DE ASISTENCIA (5%) ▪ REXISTRO DE PARTICIPACIÓN (5%)

DATAS DAS PROBAS DE AVALIACIÓN
Proba parcial (I): 12 de decembro de 2023
Proba parcial (II): 16 de abril de 2023
Avaliación ordinaria: Semana 13-20 de abril de 2023
Avaliación ordinaria: Semana 21 de maio de 2023

3.4 Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación

- Para superar o módulo, o alumnado deberá acadar polo menos un 5 nas probas escritas, os comentarios de obras e as probas prácticas, todas de carácter obrigatorio. A non realización do resto das probas teóricas no prazo establecido irá en prexuízo da cualificación final.
- A non asistencia á aula implica a ausencia de cualificación no apartado de participación.
- Si o alumnado non asiste regularmente á aula por motivos non xustificados, decaerá no seu dereito de realización de exames parciais tendo que acudir directamente á proba ordinaria. Poderá entregar os comentarios de texto pero non se terán en conta o resto de tarefas que forman parte das probas teóricas.
- Para ter en conta a puntuación das probas prácticas, o alumnado deberá realizar a exposición oral dos traballos de investigación. Non se terá en conta a entrega do traballo si non se realiza a presentación.
- Calquera circunstancia persoal que impida o seguimento regular da disciplina deberá ser comunicada á docente para atopar un xeito de superar o curso con éxito.

3.5 Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais

A presente programación elabórase de acordo á lexislación vixente en materia de Atención á Diversidade, tendo en conta as indicacións do Decreto 229/2011 e a Orde do 8 de setembro de 2021, así como o futuro Plan de Atención á Diversidade da EASD Mestre Mateo que se atopa en proceso de redacción.

Tendo en conta o conxunto da normativa, plantexare un modelo de aprendizaxe accesible que teña en conta a diversidade existente na aula. Para eso tómanse as seguintes medidas xerais de atención á diversidade:

- Presentación de uns contidos accesibles con ampla presenza do elemento visual.
- Linguaxe docente clara.
- Tarefas e actividades con diferente grao de profundización.
- Presentación ao alumnado dos sistemas e criterios de corrección das diferentes probas.
- Adaptación do modelo de aprendizaxe ás características do DUA.
- Atención personalizada do alumnado no horario de titorías.

Atenderase ao alumnado con necesidades educativas especiais en dúas categorías:

- O alumnado con **necesidades específicas de apoio educativo**: aquel que presenta continua ou puntualmente por trastornos do desenvolvemento, da linguaxe, da atención ou da aprendizaxe, situacións de vulnerabilidade socioeducativa ou altas capacidades. Nos casos de alumnado con estas características poderán adaptarse os medios para a realización de tarefas e probas de avaliación.

- Dentro de esta categoría incúese o alumnado con **necesidades educativas especiais**, aquel que afronta barreiras que dificultan a súa integración ou aprendizaxe polas súas capacidades diferentes ou trastornos graves de conduta ou comunicación. O alumnado con necesidades educativas especiais poderá traballar con un modelo de aprendizaxe adaptado en función ás súas necesidades, sempre tendo en conta as decisións tomadas pola titoría e o equipo docente, que poden consistir na adaptación dos medios de realización de probas de avaliación ou na adaptación dos contidos curriculares, así como na variación dos criterios de avaliación ou os mínimos esixibles para superar o módulo.

4 Metodoloxía, recursos e actividades complementarias

I. METODOLOXÍA

O enfoque metodolóxico que guía a normativa vixente como parte do Espazo Europeo de Educación Superior propón o papel da docente como facilitadora da aprendizaxe, situando ao estudante no centro do proceso. Trataremos pois de desenvolver situacións de aprendizaxe contextualizadas e significativas para lograr a aprendizaxe autónoma do alumnado. Farémolo adoitando as seguintes estratexias didáticas:

- Aprendizaxe gradual e significativa fundamentada nos coñecementos previos, segundo as habilidades cognitivas que propón a Taxonomía de Bloom.
- Garantir a funcionalidade da aprendizaxe, fundamental no modelo competencial do ensino.
- Desenvolvemento da intelixencia visual, priorizando a presenza da imaxe como centro do proceso educativo.
- Posibilitar a interdisciplinabilidade.
- Creación de un entorno virtual seguro, comprensible organizado que facilite o acceso aos recursos e á realización de tarefas.
- Construír un ambiente de aula dinámico fundamentado na motivación e o reforzo positivo atendendo á compoñente emocional do proceso educativo.
- En algunha das unidades didáticas optárase por introducir a metodoloxía da aula invertida, coa fin de desprazar á casa o traballo coas habilidades cognitivas de orde inferior e traballar na aula as habilidades cognitivas de orde superior.

II. RECURSOS

Os recursos docentes pasan pola utilización do material do que dispón a aula asignada: ordenador de aula, pizarra tradicional e pantalla de proxección. Farase uso dos recursos económicos necesarios para a realización de posibles actividades complementarias e/ou extraescolares.

O alumnado deberá dispoñer de papel e bolígrafo así como de un dispositivo con conexión a internet que lle permita acceder aos materiais e ás tarefas da aula virtual, así como á súa realización e entrega. Si non se posúe un dispositivo, a escola ten ordenadores na biblioteca a disposición do alumnado.

III. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Ademais das actividades extraescolares e complementarias que poidan xurdir ao longo do desenvolvemento do curso, propóñense as seguintes actividades complementarias:

- Visita ao Museo do Pobo Galego
- Visita ao Museo Gaiás